

Tivemos a sorte de contar con Norman Veiga Álvarez, baixo a súa coordinación e coa colaboración e explicacións das empresas alí ubicadas coma: Adatti desenvolvemento de software, En Calma espazo consciente centro de estética, Ivo Body Art, Perusiñas, Festigaleiros... o alumnado aprendeu o funcionamento do viveiro: a COOPERACIÓN entre as empresas ubicadas no centro, a FORMACIÓN en materia de Xestión e Innovación Empresarial, ASESORÍA en proxectos vinculados a I+D+I e a creación dun medio idóneo en canto a prezos e servizos para desenvolver un PLAN DE EMPRESA que estea en situación de competir, dentro das condicións do mercado.

Tamén fomos recibidos polo 3º Tenente da Alcaldesa e Concelleiro titular da área de Dinamización Económica e Relacións Institucionais: Mauricio Repetto, que explicou ó alumnado, dende a súa perspectiva estudantil, a importancia económica e social das empresas e o labor de apoio do viveiro ás empresas innovadoras na nosa contorna.